




SAN FROILÁN

LOCALIDADE: LUGO

DATA: 4 - 12 de OUTUBRO de 2013

TIPO: PATRONAL. Festa de interese turístico Nacional.

ACTIVIDADES: Ofrenda a Rosalía, San Froilán Miúdo (Actividades para nenos), Concertos, Casetas do polbo, Feira Expoturismo, Teatro...



FESTA DO MARISCO

LOCALIDADE: O GROVE

DATA: 4 - 13 de OUTUBRO de 2013

TIPO: GASTRONÓMICA. 50 Edición.

ACTIVIDADES: Degustacións de mariscos, Xornadas gastronómicas, Regatas de Dornas, Concertos, Actuacións de grupos de baile e gaiteros, Actuacións teatrais...



SAMAÍN

LOCALIDADE: En moitos lugares de Galicia

DATA: Noite do 31 de OUTUBRO

TIPO: Antiga festividade do aninovo celta

CARACTERÍSTICAS: Nesta noite as ánimas dos finados volven a visitar as súas familias e as súas vellas casas para quentarse ao carón do lume e comer dos alimentos que con agarimo lles teñen preparados os parentes



MAGOSTO

LOCALIDADE: En moitos lugares de Galicia

DATA: Entre a segunda quincena de OUTUBRO e a primeira de NOVEMBRO

TIPO: Tradicional Galega

Actividades: Recollida e asado das castañas, xogos populares, baile...

A festa do Magosto de Ourense e as Festas das Castañas de Folgoso do Courel (Lugo) e Riós (Ourense) están consideradas como festas de Interese Turístico Galego.

NADAL



25 DE
DECEMBRO

NOITE DE REIS



5 DE XANEIRO



FEIRA DO COCIDO

LOCALIDADE: Lalín (Pontevedra)

DATA: Domingo anterior ao domingo de Entroido. (23 de Febreiro 2014)

TIPO: Gastronómica. Festa de interese turístico Nacional

ACTIVIDADES: Investidura dos membros da Encomenda do cocido, degustación do cocido, comparsas, charangas...


FESTA DA ARRIBADA


LOCALIDADE: Baiona (Pontevedra)

DATA: Primeiro sábado e domingo do mes de Marzo (1 e 2 de Marzo 2014)

TIPO: Recreación histórica. Festa de interese turístico Nacional

ACTIVIDADES: Recreación da chegada da Carabela “LA PINTA” coa noticia do descubrimento de América. No casco histórico recréase o medievo e ofértanse produtos de artesanía característicos do século XV





ENTROIDO

LOCALIDADE: En moitos lugares de Galicia

DATA: Entre os meses de Febreiro e Marzo, na semana anterior ao inicio da Coresma.

(Do 1 ao 9 de Marzo 2014)

TIPO: Tradicional Galega

As festas de Entroido de Verín e Xinzo de Limia son de interese turístico Nacional.

O carnaval de Cobres, A festa de Entroido de Laza e o Entroido dos Xenerais do Ulla son de interese turístico Galego.




FESTA DO QUEIXO

LOCALIDADE: Arzúa (A Coruña)

DATA: Primeira fin de semana de Marzo.
(28 de Febreiro, 1 e 2 de Marzo 2014)

TIPO: Gastronómica. Festa de interese turístico Galego.

ACTIVIDADES: Degustacións e cata de queixos, concurso de tapas e petiscos, obradoiros de cociña, concertos...



NOITE DAS PEPITAS

LOCALIDADE: Ferrol (A Coruña)

DATA: Orixinariamente na noite da véspera de San Xosé. Actualmente o sábado máis próximo.

TIPO: Musical. Festa de interese turístico Galego.

CARACTERÍSTICAS: Desde 1903, bandas de instrumentos de corda ataviadas con capas, lazos, cintas ou escarapelas percorren as rúas da cidade cantando á muller ferrolá. Cada formación ten a súa madriña.

DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO GALEGO

RECONQUISTA DA VILA DE VIGO



FESTA DA

RECONQUISTA

LOCALIDADE: Vigo (Pontevedra)

DATA: Do 28 ao 30 de Marzo de 2014.

TIPO: Recreación histórica. Festa de interese turístico Galego.

ACTIVIDADES: Recreación na zona histórica do alzamento popular que expulsou aos franceses da cidade no 1809. A xente caracterízase de soldados, pescadores e campesiños e as rúas son engalanadas de época simulando un inmenso mercado do século XIX.

Semana Santa



SEMANA SANTA


LOCALIDADE: En moitos lugares de Galicia

DATA: Do 13 ao 20 de Abril de 2014.

TIPO: Relixiosa

As procesións de Semana Santa de Viveiro son de interese turístico Internacional e as de Ferrol de interese turístico Nacional.

A posta en escena da Paixón, Morte e Resurrección de Cristo que ten lugar en Paradela (Meis) é considerada de interese turístico Galego.



FESTA DOS MAIOS

LOCALIDADE: En diversos lugares de Galicia

DATA: 1 de Maio. En Ourense o día 3 de Maio.

TIPO: Tradicional Galega. Os Maíos de Ourense son considerados de interese turístico Galego

A festa consiste en realizar diversas representacións ao redor dunha árbore ou escultura, chamada maio. Grupos de xente cantan coplas populares ás veces dialogadas, mentres camiñan arredor da escultura, acompañados da percusión de dous paos.

SANTA RITA



LOCALIDADE: Vilagarcía de Arousa
(Pontevedra)

DATA: 22 de Maio 2014

TIPO: Patronal

ACTIVIDADES: Desde moi temperán e durante todo o día celébranse misas para honrar a Santa.

Pola tarde ten lugar a procesión.

A celebración complétase con verbena, actuacións de charangas e grupos folclóricos.

FESTA DO ALLARIZ BOI

Dende 1317 ...



FESTA DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA

FESTA DO BOI

LOCALIDADE: Allariz (Ourense)

DATA: Do sábado anterior ao xoves de Corpus ao domingo posterior. (Do 14 ao 22 de Xuño 2014)

TIPO: Recreación histórica. Festa de interese turístico Galego.

ACTIVIDADES: Representación simbólica do que sucedeu nun día de Corpus cando “Xan de Arzúa” e o seu boi espantaron aos xudeos que andaban a increpar durante a procesión.

Os días anteriores e posteriores realízanse varias carreiras de boi, na que os participantes percorren as rúas da vila perseguidos por un boi.

CORPUS CHRISTI


PONTEAREAS

LOCALIDADE: Ponteareas (Pontevedra)

DATA: Sábado e domingo seguinte á festividade do Corpus. (21 e 22 de Xuño 2014)

TIPO: Relixiosa. Festa de interese turístico Internacional

ACTIVIDADES: Na noite do sábado confecciónase as alfombras florais para a procesión do domingo.



FESTA DA COCA




LOCALIDADE: Redondela (Pontevedra)

DATA: Dende o xoves de Corpus ata o domingo seguinte. (Do 19 e 22 de Xuño 2014)

TIPO: Tradición local. Festa de interese turístico Galego.

ACTIVIDADES: Desfile da Coca que segundo a lenda era un dragón que se achegaba a vila para raptar as mozas e que foi vencido polos mozos mariñeiros coas súas espadas.

Baile das espadas e das Penlas.



FOGUEIRAS DE SAN XOÁN

LOCALIDADE: En moitos lugares de Galicia

DATA: Noite do 23 ao 24 de Xuño 2014.

TIPO: Tradicional

Coincidindo con solsticio de verán celébranse festas ao redor de fogueiras purificadoras. Moitos ritos de carácter máxico e supersticioso asócianse a esta tradición: saltar as fogueiras, pór un ramo de herbas de San Xoán nas portas das casas para protexerse das meigas...

As fogueiras de San Xoán de A Coruña é unha festa de interese turístico Nacional.



ARDE

LVCVS

LOCALIDADE: Lugo

DATA: Do 13 ao 15 de Xuño 2014.

TIPO: Recreación histórica. Festa de interese turístico Galego.

ACTIVIDADES: Recreación da Lucus Augusti do século III. Pódese visitar o mercado artesán, os campamentos romanos e galaicos, o circo romano...

Realízanse vodas polo rito celta e vodas romanas, loitas de gladiadores, xogos romanos, venda de escravos... Recréase o asedio a unha cidade romana e instrucións militares



RAPA DAS BESTAS

LOCALIDADE: Sabucedo. A Estrada
(Pontevedra)

DATA: Do 4 ao 6 de Xullo de 2014

TIPO: Tradicional local. Festa de
interese turístico Internacional.

CARACTERÍSTICAS: Baixada dos cabalos
do monte para metelos no curro e que
os aloitadores os suxeiten para poder ser
rapados e marcados.


FESTAS DO APÓSTOLO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

DATA: Segunda quincena do mes de Xullo. Días grandes 24 e 25 de Xullo

TIPO: Patronal. Festa de interese turístico Internacional.

ACTIVIDADES: Queima da fachada da Catedral, concertos, festival internacional de música de Galicia, xornadas do folclore galego, ofrenda ao Apóstolo...



FESTA DO ALBARIÑO




LOCALIDADE: Cambados (Pontevedra)

DATA: Primeira semana do mes de Agosto. (Do 30 de Xullo ao 3 de Agosto 2014)

TIPO: Gastronómica. Festa de interese turístico Nacional.

ACTIVIDADES: Talleres e cursos sobre os aspectos productivos do albariño, degustacións colectivas, exposicións, certame de cata, desfile do Capítulo Serenísimos do Albariño, nomeamento das novas Damas e Cabaleiros de Honra do Albariño.



ROMARÍA

VIQUINGA


LOCALIDADE: Catoira (Pontevedra)

DATA: Semana previa ao primeiro domingo de Agosto. (Do 28 de Xullo ao 3 de Agosto 2014)

TIPO: Recreación histórica. Festa de interese turístico Internacional.

ACTIVIDADES: Dramatización do desembarco viquingo en defensa das Torres do Oeste.

Cea viquinga, combate de fogo e percusión, concertos, representacións teatrais, mercado medieval...



SAN ROQUE

LOCALIDADE: Vilagarcía de Arousa
(Pontevedra)

DATA: Medios de Agosto. Día grande 16 de Agosto.

TIPO: Patronal. Festa de interese turístico Nacional.

ACTIVIDADES: Procesión, Festa da Auga, concertos, batalla de flores, exhibicións folclóricas, espectáculo pirotécnico do Combate Naval.

FESTA DA ISTORIA

LOCALIDADE: Ribadavia (Ourense)

DATA: Último venres e sábado de Agosto (29 e 30 de Agosto 2014)

TIPO: Recreación histórica. Festa de interese turístico Nacional.


ACTIVIDADES: Recreación da vida na vila no medievo: Lectura do pregón, desfile de época, xadrez vivente, voda xudía, espectáculos de cetrería, bailes, torneo e cea medievais, torneo, carreiras de pipotes, tiro con arco.

A festa utiliza a súa propia moeda, o marabedí.



PONTEVEDRA *Festa de Interese Turístico de Galicia* XIV

Feira Franca
Os Inventos



s. XII
Astrolabio

Principal instrumento de navegación, usábase para observar e determinar a posición e o movemento dos astros. Pontevedra foi un dos principais portos do medievo grazas á pesca e á salga da sardiña.

pontevedra

www.feirafranca.info

CONCELLO DE PONTEVEDRA
LOCALIDADE DE GALIÇA

© 2014 Concello de Pontevedra

FEIRA

FRANCA

LOCALIDADE: Pontevedra

DATA: Venres tarde e sábado da primeira fin de semana de Setembro (5 e 6 de Setembro de 2014)

TIPO: Recreación histórica. Festa de interese turístico Galego.

ACTIVIDADES: Recreación da vida da cidade na Idade Media. Cada ano dedícase a un tema concreto.

Trasporte do viño, cetrería, torneo medieval, xantar e cea medieval, obradoiros de artesanía, tiro co arco, postos de comida nas rúas.